## e isso é o amor

**SUSANA ARÍNS**

*Tu contas e eu conto,*
Através editora, 2018.

*a visionar a verbena*
*do Caxade*

lembrei
que marina ia de socos
e balouçava na mão
limpos sapatos de salto
brancos
e guardava os socos
tão tosquinhos e de madeira
entre as pedras de um valado
e calçava os brancos sapatos
de ponta descuberta

[sandálias ló, dizia eu]
cala e escuita,
que este conto é nosso:

e luzia unhas pintadas
e botava a baila com pepe
e outra baila e uma rumba
e três carinhos clandestinos
e mudava sapatos [sandálias]
por socos e voltava ao carreiro
de lama com a música e os beijos
ainda a dançar
no rosado das unhas dos pés
abrigados na camurça dos socos

e lembrei

que uma noite
alguém levou os socos voaram
ou marina esqueceu o agocho
ou pepe escondeu para durar a festa
e houve de fazer o caminho todo
de curantes ao fojo
com os sapatos da mão
para não estropiar-lhes a brancura
e os pés descalços
e as unhas rosas
e a música e os beijos
e o amor todo a dançar
na frescura da lama

lembrei isso.

Este folleto-catálogo foi impreso pola Imprenta Provincial da Deputación Provincial da Coruña.

aritmar.gal

## QUE NON MO NEGUEN

**TANXUGUEIRAS**

Fago todo o que eu quero
E o que me sae de dentro
Non preciso de ninguén
Que eu mesma xa me chego

Son muller forte e libre
Non hai ninguén que mo negue
E se alguén o intentara
Que mala febre o leve

Eu e máis vós compañeiras
Eu e máis vós camaradas
Cantamos e arruamos
Facemo-la foliada

Son muller forte e libre
Non hai ninguén que mo negue
E se alguén o intentara
Que mala febre o leve
Que mala febre o leve
Ai la la ai la la

O cantar é das solteiras
O cantar é das solteiras
Tamén che é das casadas
Cando son foliadeiras

Son muller forte e libre
Non hai ninguén que mo negue
E se alguén o intentara
Que mala febre o leve

Vivamos nós as mulleres
Berremos todas ben alto
Que viva a nosa fala
E que viva o noso canto

Son muller forte e libre
Non hai ninguén que mo negue
E se alguén o intentara
Que mala febre o leve
Que mala febre o leve
Ai la la ai la la

## EFEITO DO OBSERVADOR

**OS AZEITONAS**

A ciência aos dezasseis
Desafia algumas leis
E já que Saturno tem anéis
Pode a Lua encher só para mim

Já vi um arco-íris circular
Já dei dois tiros no mesmo lugar
Mas o que considero singular
É que a Lua insiste em se encher assim

Já fiz as equações
Determinei as funções
A ciência comprovou

Somos todos iguais
Lá no fundo
Pó de estrela e nada mais

Somos todos condutores de carrosséis
Não lemos mapas, andamos aos papéis
Então deitamos fora a sorte deste Norte fazemo-nos reis
Já que a Lua se pode comportar assim

Sou dos do bem mas não sei bem o que é do mal
Sou um cético otimista, hipócrita ocasional
E se observo mudo o resultado experimental
Então que a Lua sorrie só porque sim

Já fiz as equações
Determinei as funções
A ciência comprovou

Somos todos iguais
Lá no fundo
Pó de estrela e nada mais

E se o espaço curva para ti
Vou aos esses até chegar aí
E fico a contar, que um dia ao luar,
Tudo vá mudar, e só porque sim,
Mude o nosso spin
E consiga provar
Que estamos entrelaçados no fim.

Já fiz as equações
Determinei as funções
A ciência comprovou

Somos todos iguais
Lá no fundo
Pó de estrela e nada mais

# GALA
## dos premios da MÚSICA e da POESÍA galego-portuguesas

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | M | B | P | E | R | F | W | J | K | L | O | B | S | V | X | Z | S | Q |
| O | P | L | K | M | N | H | Y | F | D | Z | S | A | U | I | T | R | D | A |
| V | F | R | G | K | L | N | C | H | T | A | A | X | S | B | O | U | J | C |
| K | A | L | E | M | A | R | O | P | R | E | Z | O | A | N | C | J | O | S |
| S | O | S | T | M | D | A | M | I | A | J | E | R | N | G | N | A | S | A |
| C | A | M | E | L | I | K | E | A | Y | E | I | L | A | N | A | D | A | M |
| P | O | N | T | A | F | U | R | A | Z | A | T | R | A | K | A | R | D | S |
| H | I | O | U | A | G | B | C | M | N | U | O | C | I | B | L | O | A | P |
| N | B | I | E | U | R | O | V | A | G | A | N | E | R | N | S | M | I | A |
| R | U | U | X | I | A | M | B | I | R | R | A | S | I | T | I | O | M | L |
| D | X | N | M | P | S | E | N | T | I | L | S | A | N | O | M | I | P | E |
| A | A | R | G | L | R | P | C | K | Y | O | O | J | S | X | V | E | R | U |
| T | W | M | A | R | T | A | C | H | A | V | E | S | I | T | E | K | O | R |
| O | A | V | N | T | A | I | H | M | L | X | N | O | B | V | I | T | H | O |
| X | C | S | P | Q | R | T | E | C | J | G | V | E | S | L | A | L | I | M |
| A | P | O | W | E | A | R | I | T | M | A | R | Z | O | I | A | U | F | O |
| V | O | M | B | A | P | O | E | S | I | A | S | V | T | O | S | N | B | N |
| I | T | O | L | I | O | P | M | U | S | I | C | A | S | F | B | Y | C | K |
| E | T | A | G | Y | F | A | P | R | E | M | A | L | R | T | G | Y | S | O |

**TANXUGUEIRAS · OS AZEITONAS**
**MARTA CHAVES · SUSANA ARINS**
**CARLOS BLANCO · UXÍA**

4 de decembro 21.00 h
Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

aRi[t]mar
galiza e portugal

aRi[t]mar
Difundir a música e a poesia, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

**Promove:** Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela,
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
**Organizan**: Escola Oficial de Idiomas e Concello de Santiago de Compostela
**Patrocinan:** Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo
**Colaboran:** Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

aRi[t]mar
galiza e portugal

**aRi(t)mar** galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, que celebra este ano a súa cuarta edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada en Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua dos dous países, no cuadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla foi feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. Dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-portuguesa

## Palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2018

### Músicas gañadoras:

Galiza: **Que non mo neguen.** TANXUGUEIRAS
Portugal: **Efeito do Observador.** OS AZEITONAS

As segundas máis votadas:
**Fronteiras.** GUADI GALEGO, Gz.
**Quem me dera.** MARIZA, Pt.

As terceiras:
**Cultura Crítica.** NAO, Gz.
**Sem Palavras.** ANTÓNIO ZAMBUJO, Pt.

### Poesías gañadoras:

Galiza: **E isso é o amor.** SUSANA ARINS
Portugal: **Fachada.** MARTA CHAVES

As segundas máis votadas:
**Lista da compra da viúva.** EMMA PEDREIRA, Gz.
**É com palavras que te vou guardar.** ALICE VIEIRA, Pt.

As terceiras:
**Polinizándome.** ANDREA NUNES E MARÍA ROSENDO, Gz.
**Nómadas.** JOSÉ LUÍS BARRETO GUIMARÃES, Pt.

**Premio especial do xurado á embaixada da amizade galego-lusófona:** UXÍA SENLLE



## OS AZEITONAS

Os Azeitonas são uma banda portuguesa de pop rock do Porto, formada em 2002. A banda é constituída por Mário Marlon Brandão (vocalista), Luísa Nena Barbosa (vocalista) e João Salsa Salcedo (vocalista e teclado). Eles lançaram cinco álbuns de longa duração (Um Tanto ou Quanto Atarantado (2005), Rádio Alegria (2007), Salão América (2009), Em Boa Companhia Eu Vou (2011), AZ (2013) , Banda Sonora (2018), e um DVD (Em Boa Companhia Eu Vou).

A banda é conhecida pelos seus singles bem sucedidos "Quem És Tu Miúda", "Anda Comigo Ver os Aviões", "Café Hollywood", "Ray-Dee-Oh" e "Tonto por Ti.

O grupo foi nomeado para o título de Best Portuguese Act nos MTV Europe Music Awards de 2012, que viria a ser ganho pela cantora Aurea.

A 11 de Outubro de 2016 a banda portuense Os Azeitonas anuncia a novidade nas redes sociais de que Miguel Araújo abandonou a banda portuense para se dedicar à sua carreira a solo, tendo o seu último concerto como parte da banda sido no dia 1 de Janeiro de 2017.

*(Adaptado de: https://pt.wikipedia.org/wiki/Os_Azeitonas)*



## TANXUGUEIRAS

Con máis de 50 concertos no 2018 e unha importante xira tanto polo país como polo estranxeiro, visitando Glasgow, a India, Cuba e Suiza, Tanxugueiras convértese nun referente e no grupo revelación da música tradicional galega.

Despois de percorrer desde o ano 2016 cun éxito clamoroso todos os palcos do país e algún internacional (Celtic Connections Glasgow), despois de poñer música a actos e encontros musicais diversos, aparecer en programas de TV como Luar, Alalá... deciden gravar a súa ópera prima apuntando moi alto. Rodeáronse para este fin de músicos moi notables dentro do panorama das musicas de raíz como Pablo Martín Jones (Coetus, Eliseo Parra, Drexler...) ou Jaime Muñoz (La Musgaña) e cunha dirección artística do productor musical Pedro Pascual (produtor en Laio, Marful, Najla Shami, Davide Salvado, Guadi Galego, Talabarte, Pesdelán, Descarga ao vivo, etc.). Atopámonos ante un repertorio coidadosamente escollido e cun tratamento que conecta a tradición ibérica co maxín atlántico e os cheiros de ultramar. Cancións que parten da pura esencia que mana das fontes da profunda Galicia e que son dotados dun virtuosismo e contundencia sorprendentes.

A banda que as acompaña nos directos, está formada por músicos de gran traxectoria como Isaac Palacín na percusión (Berrogüetto, Guadi Galego...), José Manuel Díaz Iglesias ao baixo eléctrico e contrabaixo (Uxía, Sindicato da noite...), Cibrán Seixo ao violín (Budiño, Andrés Penabad, Davide Salvado...) e Rubén Fernández ao acordeón (Alvariza).

*(Adaptado de: https://www.facebook.com/notes/tanxugueiras/tanxugueiras/858489194492998/)*



## UXÍA

Uxía é considerada a grande dama da música galega e unha das maiores divulgadoras da súa poesía. Nos seus máis de 30 anos de carreira artística, renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas.

Publicou 12 discos, polos que recebeu importantes recoñecementos, entre os que destacan o Premio da Crítica Galicia 2016 ou o Premio a Mellor álbum de música de raíz nos Premios de la música independiente de España por Meu canto, seleccionado tamén como Top of the World pola revista británica Songlines. Entre outros proxectos, é a directora artística e alma mater do Festival Internacional da Lusofonía, Cantos na maré. Tamén compón ou intervén na banda sonora orixinal de diversos proxectos audiovisuais, e desde o ano 2000 é crítica musical do Diario cultural da Radio Galega.

Algunhas das constantes que se poden recoñecer na súa carreira musical son o diálogo entre culturas, a defensa da identidade lingüística, a mestizaxe e a procura dun espacio para a voz da muller. Ao longo da súa traxectoria dirixe numerosos espectáculos protagonizados por mulleres, como Son delas e Sete sereas, e participa en concertos como Mulleres a viva voz, ou no especial de televisión As últimas prima donnas do Canal cultural europeo ARTE,. Entre os espectáculos plurais destacan Música per a l'Exili (Barcelona), Ida e volta (Bélxica), Sons da fala ou Sons da lusofonía (Portugal), e La tierra del agua (Galiza).

Segundo o xurado dos premios aRi[t]mar galiza e portugal, Uxía é a embaixadora e pioneira da amizade galego-lusófona por excelencia, con especial destaque no campo da música, e co seu traballo delongado leva aberto novos e múltiples camiños na restauración das pontes dos afectos e do recoñecemento mutuo entre Galiza e a Lusofonía, cun labor permanente de reinserción da cultura galega nese seu verdadeiro espazo natural.

*(Adaptado de: http://uxia.net/bio_gal/)*



## SUSANA SÁNCHEZ ARINS

Vila Garcia de Arouça, 1974. É Licenciada nas Filologias Hispanica e Portuguesa pola USC e actualmente exerce de professora de ensino secundario no IES da Ilha de Arouça. Participou activamente na dinamizaçom da vida sócio-cultural estradense, especialmente numha longa etapa como integrante da Asociaçom de Tempo Livre mistura. Foi ganhadora do XXI Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé com a obra [de]construçom, editada por Espiral Maior (2009). Posteriormente publicou aquiltadas (Estaleiro Editora, 2012), a noiva e o navio (Através Editora, 2012), seique (Através Editora, 2015), Carne da minha carne (Apiario, 2018) e Tu contas e eu conto (Através Editora 2018). Na actualidade faz parte, também, da plataforma de crítica literária A Sega.

*(Autobiografía, febreiro 2019 en: https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/susana-sanchez-arins)*



## MARTA CHAVES

Nasceu em Coimbra en 1978 e vive em Lisboa. É psicóloga clínica e psicoterapeuta. Desde 2008, tem vindo a revelar os seus poemas em diversas antologias poéticas e revistas de poesia. Publicou os livros Onde não estou, tu não existes (2009), Pensa que deixou de pensar nela (2010), Dar-te amor e tirar-te a vida (2012), os três pela editora Tea for One; Pedra de Lume (Paralelo W, 2013), e Perda de Inventário (Alambique, 2015). Varanda de Inverno é o seu primeiro livro na Assírio

*(biografia en https://www.assirio.pt/autor/marta-chaves)*

## FACHADA

**MARTA CHAVES**
*Varanda de Inverno,*
Assírio e Alvim, 2018

**Desço para fumar um cigarro.**
**Vejo o prédio em frente e por prédio**
**quero dizer andaimes.**
**Os andaimes não têm paredes**
**e cercam as casas,**
**ocupam-nas em liberdade.**
**Há uns vestidos num estilo punk,**
**e, por mim, dali se poderia mandar na cidade.**
**Fazer palestras, comícios,**
**feiras com altifalante na mão.**
**Conceder-lhes permanência estival,**
**promulgar o nudismo**
**e vê-los a rir de quem não sabe montá-los.**